



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ALDEAS INFANTILES SOS - GALICIA, PARA A PROMOCIÓN E O APOIO AO ACOLLEMENTO FAMILIAR ESPECIALIZADO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar con Aldeas Infantiles SOS Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 30 de abril de 2024. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Aldeas Infantiles SOS Galicia en virtude do cal se promociona e apoia unha nova modalidade de acollemento familiar que, mantendo as vantaxes que supón para os nenos, nenas e adolescentes (en adiante, NNA) vivir nun entorno familiar, permite que menores con especiais problemas condutuais ou con necesidades ou circunstancias especiais sexan tratados con plena dispoñibilidade e garantías de recuperar ou beneficiar ao menor, ao contar algún dos membros da unidade familiar acollidora cunha cualificación profesional, experiencia ou formación específicas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Acadar os seguintes obxectivos no marco das actuacións a desenvolver:

a) No ámbito das accións de divulgación:

1.- Informar e sensibilizar acerca da necesidade de contar con familias acolledoras especializadas dispostas a ofrecer unha nova oportunidade de convivencia familiar a nenos, nenas e adolescentes con necesidades educativas especiais ou a grupos de irmáns (nos que un deles sexa menor de seis anos) que actualmente estean baixo unha medida de acollemento residencial.

2.- Obter notoriedade e visibilidade, mediante a cobertura mediática e difusión da colaboración entre a Xunta de Galicia e Aldeas Infantiles SOS Galicia, así como do compromiso conxunto á hora de ofrecer á infancia en protección a modalidade de coidado que mellor se adapte ás súas necesidades.

3.- Lograr a captación de familias e a creación dunha rede de familias acolledoras implicadas e comprometidas coa infancia.

b) No ámbito da intervención:





Os obxectivos xerais da intervención son:

- Procurar contornas familiares protectoras no contexto do acollemento familiar a NNA en situación de desprotección ou risco grave. Lévese a cabo mediante o acompañamento, asesoramento e apoio ás familias; promovendo vínculos afectivos seguros, onde os NNA, as súas familias de orixe e as familias acolledoras sexan os principais protagonistas.
- Acompañar aos NNA na construción dunha identidade integral positiva, asegurando que os vínculos afectivos cos que crecen son suficientemente seguros, que poden ter unha boa mirada sobre si mesmos e sobre si mesmas, e dar sentido á súa realidade da maneira máis axustada posible.
- Apoiar á familia de orixe na superación de factores de risco e dificultades que limitan o exercicio do seu rol parental, favorecendo o vínculo e, na medida do posible, a reintegración familiar.
- Acompañar ás familias acolledoras nas pautas de crianza desde o desenvolvemento das súas competencias e desde o bo trato á infancia, promovendo as súas potencialidades e os factores de protección.
- Facilitar o acceso dos NNA e as familias á rede social e comunitaria onde poidan obter os recursos suficientes en beneficio do seu desenvolvemento persoal. É necesario que os NNA e as familias se sintan acompañados e acompañadas.
- Desenvolver a implementación e sistematizar o acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva como unha medida de coidado alternativo na CCAA de Galicia, ao amparo de estándares de calidade.

Os obxectivos específicos da intervención son:

- Crear un banco de familias acolledoras especializadas con dedicación exclusiva que cumpran os requisitos do perfil.
- Promover a boa relación entre a familia acolledora e a familia de orixe, na medida do posible e buscar a súa reintegración se se puidese.
- Establecemento e formalización de Acollementos Familiares Especializados con Dedicación Exclusiva.
- Comprobar os avances no traballo realizado cara ao cumprimento dos obxectivos marcados no Plan Individualizado de Intervención e detectar indicadores de risco no desenvolvemento do acollemento sobre os que poder intervir.
- Reducir a incerteza ante a nova situación dos NNA, subliñar os aspectos positivos do acollemento familiar, axustar as expectativas, manter o vínculo, e elaborar a despedida.
- Traballar para a reparación do dano e creación de vínculos positivos nos NNA.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude e Aldeas Infantiles SOS Galicia consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución da promoción e do apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de NNA en situación de desprotección.





O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer a proxectos como o que se describe, que cubren a necesidade de promocionar e dar apoio a unha nova modalidade de acollemento familiar que, mantendo as vantaxes que supón para os NNA vivir nun entorno familiar, permita que menores con especiais problemas condutuais ou con necesidades ou circunstancias especiais sexan tratados con plena dispoñibilidade e garantías de recuperar ou beneficiar ao menor, ao contar algún dos membros da unidade familiar acollidora cunha cualificación profesional, experiencia ou formación específicas.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 – en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Aldeas Infantiles SOS Galicia na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento das actuacións subvencionables, ademais dunha acreditada experiencia no ámbito do acollemento familiar, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, está regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), e Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, polo que se aproba o o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), entre outra normativa aplicable.

A concesión directa da subvención a través do convenio está amparada polo dito Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto encaixa na liña de inversión I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no Compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", segundo o anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 27 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial del Estado nº 230 do 25/09/2021, por Resolución do 11 de setembro de 2021 da Secretaría de Estado de Derechos Sociais, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). No citado proxecto nº 7 inclúense actuacións de promoción e fomento do acollemento familiar a través de campañas de difusión do acollemento dirixidas directamente ás potenciais familias acolledoras, a través doutras familias que xa teñan experiencia neste recurso, para favorecer o contacto directo e o intercambio real de experiencias que fomenten novas participacións. O fito/obxectivo da Proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño de 2021, Comisión Europea COM(2021) 322, ao que contribúe é o



Fito 325 (Execución de proxectos para a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e para a modernización das infraestruturas e os servizos asociados á protección residencial e as familias de acollida) , cuxo prazo de cumprimento previsto é o 4º trimestre de 2023.

Non obstante o anterior, ditouse o 9 de outubro de 2023 un anexo á antedita Proposta polo que se modifica a Decisión de Execución do Consello (UE) (ST 10150/2021; ST 10150/2021 ADD 1 REV 1), de 13 de xullo de 2021, relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, en virtude do cal se estende o Fito 325 ata o 4º trimestre do 2025.

Esta modificación permite a posibilidade de estender no tempo máis do inicialmente previsto o emprego dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para financiar actuacións de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección.

Todo o que antecede xustifica a dificultade de promover a concorrência pública para a execución deste proxecto, o que se declara para os efectos da subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Aldeas Infantiles SOS Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 30 de abril de 2024 e efectos dende o 1 de xaneiro de 2024 abrangendo as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde a antedita data.

Os gastos totais derivados da execución das actuacións subvencionables contan cunha contía global de 152.513,51 €, dos cales a Consellería de Política Social e Xuventude aboará 126.364,60 € con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 20/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, e con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.312B.481.00 código de proxecto 2021 177, na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

Así mesmo, Aldeas Infantiles SOS Galicia comprométese a achegar os restantes 26.148,91 € procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

